



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

#### **AXUDAS Á MELLORA DA EFICACIA ENERXÉTICA E SUSTENTABILIDADE EN VIVENDAS, CONSERVACIÓN E ACCESIBILIDADE**

O mércores día 26 de febreiro saíu publicada no DOG a resolución do Instituto de Vivenda e Solo sobre as axudas para mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas; destinadas a persoas físicas ou xurídicas propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva e das vivendas ubicadas nestes edificios; comunidades de propietarios ou agrupacións, agrupacións de persoas propietarias e persoas físicas inquilinas dunha vivenda que en virtude de acordo coa persoa arrendadora asuma o custe das actuacións de rehabilitación cambio do pago da renda.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

**Liña A:** mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade das vivendas

- A mellora da envolvente térmica da vivenda ou do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración (lousado de vivendas, actuacións en fachadas, cambio de fiestras,...)
- A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación.
- A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables.

Nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, ademais serán subvencionables: a mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela así como a mellora das instalacións de subministración e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, implantación de redes de saneamento separativas, recollida e separación dos residuos domésticos, instalación de fachadas ou cubertas vexetais, instalación de sistemas de domótica e/ou sensórica.

**Liña B:** conservación, mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas

- A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, produtos de apoio, tales como guindastres ou artefactos análogos.
- A instalación de elementos de información ou de aviso, tales como sinais luminosos ou sonoros.
- A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación.
- A instalación de domótica.
- As relativas á conservación da cimentación, estrutura e instalacións, así como da cuberta, azoteas, fachadas e medianeira.

#### **CONTÍAS**

A contía da subvención será **do 40% do custo subvencionable** podendo acadar o 75% se os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a tres veces o IPREM.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 28 de febreiro de 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

